Esquemas principais do texto expositivo

ESQUEMAS	Como é	Exemplo
Descritivo (Enumeración)	Diferentes elementos / características dun sistema, organismo... Pode seguir unha orde espacial. **el. 1 -------** **el. 2 -------** **...**	Hai **moitas situacións** que levan unha persoa ou grupo a emigrar. **Entre elas** están as condicións políticas adversas, como as que se dan nos réximes ditatoriais. **Tamén** é importante a precariedade económica e a procura dunhas condicións de vida dignas...
Secuencial (Narración)	Sucesivos momentos dun fenómeno, proceso, etc. Orde fundamentalmente temporal. **1 > 2 > 3 > 4....**	O valo de Melilla comezou a construírse **en 1998**. **Ao comezo** era un só valado, mais **despois** situáronse dous paralelos de 3 metros de altura. **En 2005** eleváronse ata os 6 metros e instaláronse arames con coitelas. **En 2013**...
Comparativo (Semellanza - Contraste)	Semellanzas e/ou diferenzas entre feitos, situacións... Márcanse con expresións como *tal como, en cambio, polo contrario...* **A --- B** **a1 - b1** **a2 - b2**	Migrantes e refuxiados poden empregar **as mesmas** rutas e medios de transporte. pero responden a motivacións ben **distintas**. Os migrantes elixen desprazarse para mellorar as súas vidas. **En cambio**, os refuxiados teñen que saír da súa terra para poñer a salvo as súas vidas ou preservar a liberdade...
Causal (Causa - Consecuencia)	Relacións de tipo causal entre feitos ou elementos. Presenza de marcadores causais e consecutivos: *posto que, polo tanto, daquela, así...* **A ... ⇆ B ...**	Os gobernos do Occidente opulento controlan as vagas de refuxiados mesmo atentando contra os Dereitos Humanos. **Porque** non lles interesa asumir a súa responsabilidade nos conflitos internacionais nin dedicar recursos a enfrontar necesidades. **É así que** acordan con países do contorno...
Problema – solución	Presentación dunha situación problema -podendo apuntar causas e consecuencias- e da(s) súa(s) posible(s) solución(s). **A ➥ B ...**	O envellecemento da poboación europea preocupa cada vez máis. A capacidade dos Estados para manter os servizos sociais e as pensións, co actual modelo económico, mingua ano a ano. **Unha alternativa** a esta situación é o favorecemento da entrada no mercado de traballo de persoas inmigrantes...